

# A POLICÍA NO COLE!!!!

*Que susto levamos cando vimos á mamá de Dana no cole!  
Pero... non porque fose a mamá de Dana senón porque VIÑA VESTIDA DE POLICÍA!!*



*Veu a dárnos unha charla sobre o seu traballo no Corpo Nacional de Policía. Os nenos e nenas de 2º e as nosas mestras fomos á aula de audiovisuais para escutar e ver todas as cousas que Eva preparara para nós.*



*Explícamos que non todos os policías desempeñan a mesma función senón que hai distintos grupos: os que desactivan bombas, os que andan a cabalo, os que utilizan cans policías, os que vixian as rúas, os que van en misións especiais a outros países...*




*Despois ensinounos distintos obxectos que utilizan cando prenden a un criminal. Por exemplo, aquí vedes como son as esposas.*



*Tamén nos ensinou como se identifica un polícia coa súa placa que leva o seu nome e a súa foto.*

Para rematar repartiuños os formularios que teñen que cubrir cando deteñen a unha persoa.



Por un momento convertémonos en detidos e Eva tomounos as nosas pegadas dixitais. Quedounos o dedo máis negro ca o carbón!



Antes de despedirse regalounos unhas pegatinas da policía e a más dán entráronlle as ganas de converterse nun deles de maior.

**GRAZAS EVA!**